

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Decembro 2008

NOTA DE PRENSA

En decembro de 2008 os prezos dos bens exportados en Galicia creceron en termos interanuais un 1,5% mentres que os importados diminuíron un 2%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 1,5% en decembro de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 2%.

No ano 2008, os prezos dos bens exportados creceron un 1,7% e os dos importados un 6,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo e bens intermedios foi do 14,9% e do 1,2% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 0,8%.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo e dos bens de consumo aumentaron con respecto a decembro de 2007 un 8,7% e un 4,2% respectivamente. Os prezos dos bens intermedios diminuíron un 4,4%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	1,5	1,7	ÍNDICE XERAL	-2,0	6,1
Bens de consumo	-0,8	-1,0	Bens de consumo	4,2	2,9
Bens de equipo	14,9	7,6	Bens de equipo	8,7	-25,6
Bens intermedios	1,2	4,3	Bens intermedios	-4,4	9,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 10,2% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE e unha diminución do 0,5% para os bens con destino a OCDE. Os prezos dos bens con destino a UE-25 e a Unión Económica e Monetaria diminuíron un 1,3% e un 1,1% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 6,3% mentres que os procedentes do resto de países aumentaron un 6,2%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-1,1	0,6	UEM	1,8	3,3
UE-25	-1,3	0,4	UE-25	1,9	2,8
OCDE	-0,5	1,4	OCDE	-6,3	3,9
Resto de países	10,2	3,6	Resto de países	6,2	10,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf
Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>